O 18 de marzo de 2025 ten entrada na Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (en diante, DXSAP) escrito remitido polo Servizo de Xestión de Persoal da Consellería de Sanidade (en diante, a consellería) no que se solicita o informe preceptivo desta dirección xeral en relación cunha proposta de modificación da relación de postos de traballo (en diante, RPT) da devandita consellería e do Servizo Galego de Saúde (en diante, Sergas).

A dita solicitude vén acompañada da seguinte documentación:

-Memoria funcional

-Memoria económica

-Cadro de equivalencias

-Cadro de amortizacións

-Cadro de creacións

-Cadro de modificacións

Atendendo á solicitude formulada, en cumprimento do disposto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, e con base nas competencias que lle confire o artigo 14 apartado 2.F.a) do Decreto 141/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e Administración Pública, a DXSAP emite o seguinte

INFORME

PRIMEIRO. Antecedentes

A relación de postos de traballo vixente da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, tanto do persoal baixo o ámbito de aplicación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, como o referente a corpos ou escalas da Lei 17/1989 e do persoal laboral, foi aprobada pola resolución do 16 de setembro de 2016 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello de la Xunta de Galicia do 15 de setembro de 2016 polo que se aproba a relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, sendo modificada en varias ocasións.

En canto á estrutra orgánica da consellería e do Servizo Galego de Saúde:

CONSELLERÍA DE SANIDADE

O artigo 8 do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, establece que a estrutura da Consellería de Sanidade está composta por tres centros directivos: a Secretaría Xeral Técnica, a Dirección Xeral de Saúde Pública e a Dirección Xeral de Planificación e Reforma

CVE: 2qJk5FpBtec7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Sanitaria. Así mesmo, quedan adscritos a esta consellería o organismo autónomo Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

O Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade confirma a estrutura sinalada.

SERGAS

O Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde deroga o anterior Decreto 137/2019, do 10 de outubro.

No seu artigo 1, o Decreto 145/2024 regula como órganos colexiados de dirección o Consello de Dirección e o Comité Executivo; e como órganos unipersoais a Presidencia, a Xerencia, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a Dirección Xeral de Recursos Económicos e a Dirección Xeral de Recursos Humanos.

SEGUNDO. Obxecto da proposta

A proposta de modificación da RPT da Consellería de Sanidade e do Sergas (tanto da RPT do persoal baixo o ámbito de aplicación da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, como o referente a corpos ou escalas da Lei 17/1989 e do persoal laboral) ten tres motivos principais:

- En primeiro lugar, adaptar a RPT en vigor ao Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade e ao Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde.

- En segundo lugar, abrir as xefaturas de seccións da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma de Galicia ao subgrupo A2 para aumentar as posibilidades de cobrir estes postos.

- E, en terceiro lugar, modificar as observacións de varios postos para adaptalos á realidade actual da consellería e do Sergas.

TERCEIRO. Modificacións de RPT na Consellería de Sanidade

As modificacións propostas son as seguintes:

3.1 CREACIÓNS

3.1.1.- POSTOS DE ESTRUTURA

As seguintes creacións derívanse da aprobación do Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.

CVE: 2qJk5FpBtec7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

a) Secretaría Xeral Técnica

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
SAC020000115770060	XEFATURA DE SERVIZO ECONÓMICO-ADMINISTRATIVO
AC020000315770007	XEFATURA DE SERVIZO DE XESTIÓN INTELIXENTE DO DATO E A INTELIXENCIA ARTIFICIAL

b) Dirección Xeral de Saúde Pública

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
CSA030000015770050	XEFATURA DE SERVIZO DE INFORMACIÓN DE SAÚDE
CSA030000115770001	SUBDIRECTOR/A XERAL DE XESTIÓN, CALIDADE E INNOVACIÓN

c) Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
CSA040000215770001	SUBDIRECTOR/A XERAL DE REFORMA SANITARIA
CSA040000215770005	XEFATURA DE SERVIZO DE XESTIÓN E ANÁLISE DE DATOS EN ATENCIÓN PRIMARIA E DE DESENVOLVEMENTO ESTRATÉXICO
CSA040000215770015	XEFATURA DE SERVIZO DE HISTORIA CLÍNICA E CODIFICACIÓN
CSA040000215770025	XEFATURA DE SERVIZO DE PLANIFICACIÓN E ATENCIÓN SOCIOSANITARIA

3.1.2.- POSTOS DE RPT

Proponse crear, dentro da Secretaría Xeral Técnica, un posto de técnico/a superior de bibliotecas, nivel 22, da escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade de bibliotecas (ESB2), co obxecto de equiparar as súas retribucións ao resto do persoal pertencente á dita escala.

CÓDIGO ACTUAL	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL	CORPO / ESCALA	FORMA PROVISIÓN	ADSCRICIÓN ADMINISTRACIÓN
SAC020000015770006	TÉCNICO/A SUPERIOR DE BIBLIOTECAS	A1-22	ESB2	C	AXG

3.2.- AMORTIZACIÓNS

3.2.1.- Proponse amortizar os seguintes postos para cubrir as creacións de postos estruturais derivadas da aprobación do Decreto 144/2024, do 20 de maio.

Secretaría Xeral Técnica

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
SAC020000015770031	POSTO BASE SUBGRUPO C2
SAC020000015770032	POSTO BASE SUBGRUPO C2

CVE: 2qJk5FpBtec7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SAC020000015770033	POSTO BASE SUBGRUPO C2

Dirección Xeral de Saúde Pública

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
CSA030000015770027	XESTOR/A SANITARIO/A
CSA030000215770020	XEFATURA SERVIZO PROTECCIÓN RADIOLÓXICA

Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
SAC040000115770005	XEFATURA NEGOCIADO DA TARXETA SANITARIA

Direccións Territoriais

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
CSA991010115001016	INSPECTOR/A MÉDICO/A (A Coruña)
CSA991000432001025	TITULADO/A SUPERIOR LABORATORIO (Ourense)

3.2.2.- Proponse amortizar o seguinte posto para cubrir a creación do posto de técnico/a superior de bibliotecas citado no punto 3.1.2 a) do informe.

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	SUBGRUPO / NIVEL	CORPO / ESCALA
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	SAC020000015770005	POSTO BASE A1 (BIBLIOTECARIO/A)	A1-20	ESB2

3.3.- MODIFICACIÓNS

3.3.1.- Como consecuencia da aprobación do Decreto 144/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade propóñense as seguintes modificacións:

a) *Cambio de denominación e recodificación dos centros de destino da Dirección Xeral de Saúde Pública*

CÓDIGO ANTIGO	CÓDIGO NOVO	DENOMINACIÓN ANTIGA	NOVA DENOMINACIÓN
SAC030000315770	SAC030000215770	S. X. DE PROGRAMAS DE FOMENTO DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES	S. X. DE ESTILOS DE VIDA SAUDABLES
SAC030000215770	SAC030000315770	S. X. DE PROGRAMAS DE CONTROL DE RISCOS AMBIENTAIS PARA A SAÚDE	S. X. DE SAÚDE AMBIENTAL E SEGURIDADE ALIMENTARIA

CVE: 2qJk5FpBtec7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

SAC030000115770	SAC030000415770	S. X. DE INFORMACIÓN SOBRE SAÚDE E EPIDEMIOLOXIA	CENTRO GALEGO PARA O CONTROL E PREVENCIÓN DE ENFERMIDADES (CEGACE)
SAC030020127160	SAC030030127160	S. X. DE PROGRAMAS DE CONTROL DE RISCOS AMBIENTAIS PARA A SAÚDE - MATADOIRO MÓBIL (CHANTADA)	S. X. DE SAÚDE AMBIENTAL E SEGURIDADE ALIMENTARIA- MATADOIRO MÓBIL (CHANTADA)
SAC030020127001	SAC030030127001	LABORATORIO DE SAÚDE PÚBLICA DE GALICIA	

b) Cambio de denominación dos seguintes postos:

CENTRO DIRECTIVO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN ANTIGA	DENOMINACIÓN NOVA
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	SAC020000115770012	XEFATURA SERVIZO XESTIÓN ADM., PUBLIC E ESTATIST	XEFATURA DE SERVIZO DE PUBLICACIÓNS E BIBLIOSAÚDE
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA	SAC020000315770003	SERV. XEST. PROX. SISTEM. INFORM. E INNOV. DIXITAL	S. XEST. PROX.SIST. INF, TRANSF. E INNOV. DIXITAL
DX SÁUDE PÚBLICA	SAC030000115770005	XEFATURA NEGOCIADO III	XEFATURA NEGOCIADO I
DX SÁUDE PÚBLICA	SAC030000215770007	XEFATURA NEGOCIADO II	XEFATURA NEGOCIADO I

c) Recodifícación de determinados postos na Secretaría Xeral Técnica, na Dirección Xeral de Saúde Pública e na Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria

3.3.2.- Modificacións nas observacións

- Ao posto con código SAC030000415770100 elimínaselle a observación "DISPOSICIÓN TRANSITORIA 10ª (2ª PARTE) DO V CONVENIO COLECTIVO ÚNICO DO PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA" xa que a praza está ocupada na actualidade por persoal laboral fixo.

- Ao posto con código SAC040000115770010 elimínaselle a observación de "ocupado por persoal laboral indefinido non fixo", xa que na actualidade non está ocupado por este tipo de persoal, senón por persoal interino.

- Aos posto con código SAC991010132001035 e SAC991010136560041 elimínaselle a observación "ocupado por persoal laboral fixo (D.T. 11ª da Lei 4/1988, do 26 de maio)", por xubilación da persoal titular da praza.

3.3.3.- Modificacións na formación

Ao posto con código SAC030000315770050 engádeselle a formación "086 Experiencia en hixiene alimentaria" para a súa equiparación co resto do persoal veterinario.

3.3.4.- Postos traspasados á Secretaría Xeral Técnica

CVE: 2qJk5FpBtec7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Traspásanse á Secretaría Xeral Técnica os seguintes postos de condutores/as e subalternos/as, que ata agora dependían de distintos órganos directivos da Consellería e do Servizo Galego de Saúde, coa intención de agrupar a xestión e coordinación do persoal subalterno e do parque móbil dos servizos centrais.

CÓDIGO ANTIGO	CÓDIGO NOVO	DENOMINACIÓN
SAS020000015770025	SAC020000015770044	SUBALTERNO/A
SAS030000015770017	SAC020000015770046	SUBALTERNO/A
SAS040000015770029	SAC020000015770048	SUBALTERNO/A
SAS050000015770036	SAC020000015770050	CONDUTOR/A DE 1ª
SAS030000015770030	SAC020000015770052	CONDUTOR/A DE 1ª
SAC030000315770065	SAC020000015770054	CONDUTOR/A DE 1ª

CUARTO. Modificacións de RPT no Servizo galego de Saúde

As modificacións propostas son as seguintes:

4.1 CREACIÓNS

4.1.1.- POSTOS DE ESTRUTURA

As seguintes creacións na Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria derívanse da aprobación do Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
SGS030000015770015	XEFATURA DE UNIDADE DE PROCESOS DE ENFERMERÍA
SGS030000115770030	XEFATURA DE SERVIZO CALIDADE E CONTINUIDADE ASISTENCIAL EN ATENCIÓN PRIMARIA
SGS030000415770001	SUBDIRECCIÓN XERAL DE ATENCIÓN Á SAÚDE MENTAL

4.1.2.- POSTOS DE RPT

Proponse crear un posto de letrado/a na asesoria Xurídica do Sergas debido a cuestións organizativas e a un aumento cuantitativo e cualitativo da carga de traballo en dita asesoría.

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	NIVEL	SUBGRUPO
XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE	SAS020000115770012	LETRADO/A	28	A1

CVE: 2qJk5FpBtec7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

4.2.- AMORTIZACIÓNS E TRASPASOS

4.2.1.- Proponse amortizar os seguintes postos para cubrir as creacións de postos estruturais derivadas da aprobación do Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo galego de Saúde

a) Xerencia

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
SGS020000315770013	SECCION DE ATENCIÓN Á CIDADANÍA

b) Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
SGS030000215770017	SECCIÓN DE ESTATÍSTICA DA ACTIVIDADE ASISTENCIAL
SGS030000315770030	SERVIZO RECURSOS ASISTENCIAIS

c) Dirección Xeral de Recursos Económicos

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
SAS040000015770015	POSTO BASE SUBGRUPO C2
SAS040000015770017	POSTO BASE SUBGRUPO C2

4.2.2.- Proponse a amortización dos seguintes postos para o finaciamento da creación do posto de letrado/a antes mencionado:

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN
DX ASISTENCIA SANITARIA	SAS030000015770003	POSTO BASE SUBGRUPO A1
DX RECURSOS HUMANOS	SAS050000015770032	SUBALTERNO/A

4.2.3.- Proponse a amortización dos seguintes postos nas áreas sanitarias para a súa transformación en postos de persoal estatutario do servizo Galego de Saúde.

ÁREA SANITARIA	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	GRUPO
AREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNES	SGS994010036001023	A.T.S./D.U.E.	A2
AREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE	SAS994000015001059	OPERADOR/A DE ENTRADA DE DATOS	C1-C2
AREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE	SAS994000315001021	XEFATURA DE GRUPO	C1-C2
AREA SANITARIA DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS	SAS994000027001034	NEGOCIADO I	A2-C1-C2
AREA SANITARIA DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS	SAS994000327001007	SECCION DE XESTION DE RECURSOS HUMANOS II	A1-A2-C1

CVE: 2qJk5FpBtec7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

AREA SANITARIA DE OURENSE, VERIN E O BARCO DE VALDEORRAS	SAS994000032001027	SUBALTERNO/A	AP
AREA SANITARIA DE OURENSE, VERIN E O BARCO DE VALDEORRAS	SAS994010032800021	ANIMADOR/A SOCIO-CULTURAL	III-90
AREA SANITARIA DE VIGO	SAS994000036560046	XEFATURA DE GRUPO	C1-C2
AREA SANITARIA DE VIGO	SAS994000036560050	XEFATURA DE GRUPO	C1-C2
AREA SANITARIA DE VIGO	SAS994010036560038	AUXILIAR DE ENFERMARIA NICOLAS PEÑA	IV-3

4.2.4.- Traspasanse á consellería, derivado do Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Sergas, os seguintes postos:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
SGS030000115770040	SERVIZO DE COORDINACION SOCIOSANITARIA
SGS030000215770010	SERVIZO DE CODIFICACION CLINICA E ANALISES

4.3.- MODIFICACIÓNS

4.3.1.- Como consecuencia da aprobación do Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Sergas propóñense as seguintes modificacións:

a) *Cambio de denominación dos seguintes centros de destino*

CENTRO DIRECTIVO	DENOMINACIÓN ANTIGA	DENOMINACIÓN NOVA
DX DE ASISTENCIA SANITARIA	SX DE XESTIÓN ASISTENCIAL E INNOVACIÓN	S X DE INTEGRACIÓN ASISTENCIAL E INNOVACIÓN
DX. DE RECURSOS HUMANOS	SX DE DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL	S X DE DESENVOLV. PROFESIONAL E SISTEMAS DE INFORMACIÓN
DX DE RECURSOS HUMANOS	S X DE POLÍTICAS DE PERSOAL	S X DE RELACIÓNS LABORAIS

b) *Cambio de denominación dos seguintes postos*

CENTRO DE DESTINO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN ANTIGA	DENOMINACIÓN NOVA
S.X. DE INTEGRACIÓN ASISTENCIAL E INNOVACIÓN	SAS030000315770015	XEF. SERV. CONTRATACION ASISTENCIAL E INNOVACIÓN	XEF. SERV. PRESTACIÓNS E CONTRATAC. ASISTENCIAL
S.X. DE ATENCIÓN Á SAÚDE MENTAL	SAS030000515770008	XEFATURA NEGOCIADO II	XEFATURA NEGOCIADO I
S.X. DE COMPRAS E SERVIZOS	SAS040000215770009	XEFATURA SERVIZO CONTRATACIÓN	XEF. SERV. CONTRATACIÓN CENTRALIZADA
S.X. DE COMPRAS E SERVIZOS	SAS040000215770025	XEFATURA SERVIZO COORDINACIÓN DE SERVIZOS XERAIS	XEF SERV. LOXÍSTICA E COORDIN. DE SERVIZOS XERAIS
S. X. DE INVESTIMENTOS	SAS040000315770004	XEFATURA SERVIZO XESTIÓN	XEF.SERV. CONTRATACIÓN E XESTIÓN DE INVESTIMENTOS

CVE: 2qJk5FpBtec7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

S. X. DE RELACIÓNS LABORAIS	SAS050000315770001	SUBDIRECTOR/A XERAL DE POLÍTICAS DE PERSOAL	SUBDIRECTOR/A XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS
S. X. DE RELACIÓNS LABORAIS	SAS050000315770003	XEFATURA SERVIZO RELACIÓNS LABORAIS	XEF. SERV. DE COORD. COAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS
S.X. DE DESENVOLV. PROFESIONAL E SISTEMAS DE INFORMACIÓN	SAS050000415770001	SUBDIRECTOR/A XERAL DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL	S. X. DE DESENV. PROFESIONAL E ST. DE INFORMACIÓN
S.X DE DESENVOLV. PROFESIONAL E SISTEMAS DE INFORMACIÓN	SAS050000415770020	XEFATURA SERVIZO SISTEMAS DE INFORMACIÓN	XEF. SERV. RÉX. RETRIBUTIVO E SIST. DE INFORMACIÓN
S.X. DE HUMANIZACIÓN E ATENCIÓN Á CIDADANÍA	SGS020000315770010	XEFATURA SERVIZO HUMANIZACIÓN E ATENCIÓN CIDADANÍA	XEFATURA DE SERVIZO DE HUMANIZACIÓN
S.X. DE HUMANIZACIÓN E ATENCIÓN Á CIDADANÍA	SGS020000315770020	XEFATURA SERVIZO ATENCIÓN AO PACIENTE	XEFATURA SERVIZO ATENCIÓN Á CIDADANÍA
S.X. DE ATENCIÓN PRIMARIA	SGS030000115770005	XEFATURA SERVIZO DE ATENCIÓN PRIMARIA	XEF. SERV. XESTIÓN ASISTENCIAL EN ATENCIÓN PRIMARIA
S. X. DE ATENCIÓN HOSPITALARIA	SGS030000215770011	XEFATURA SERVIZO CALIDADE ASISTENCIAL	XEF. SERV. CALIDADE E PROCESOS DE SOP. ASISTENCIAL
S. X. DE ATENCIÓN HOSPITALARIA	SGS030000215770015	XEFATURA SERVIZO NORMALIZ. E INTEGRACIÓN INFORMAC.	XEF. SERV. NORMAL, INTEG E AVAL. DA INF. HOSPITAL.
S. X. DE INTEGRACIÓN ASISTENCIAL E INNOVACIÓN	SGS030000315770001	SUBDIRECTOR/A XERAL XESTIÓN ASISTENC. E INNOVACIÓN	SUBDIRECTOR/A X. DE INTEG. ASIST. E INNOVACIÓN
S. X. DE INTEGRACIÓN ASISTENCIAL E INNOVACIÓN	SGS030000315770010	XEFATURA SERVIZO DE ORDENACIÓN ASISTENCIAL	XEF. SERV. ORDEN. PROF. SANIT. E REC. ASISTENCIAIS
S. X. DE INTEGRACIÓN ASISTENCIAL E INNOVACIÓN	SGS030000315770020	XEFATURA SERVIZO INTEGRACIÓN ASISTENCIAL	XEF.SERV. INTEGRACIÓN ASISTENCIAL E INNOVACIÓN
S.X. DE ATENCIÓN Á SAÚDE MENTAL	SGS030000515770005	XEFATURA SERVIZO DE SAÚDE MENTAL	SERV. AT. Á SAÚDE MENTAL E INTEG. PSIC. E T.M.G

c) Recodificación de determinados postos

4.3.2.- Modificacións nos requisitos

Ao posto de Subdirector/a Xeral de Relacións Laborais, con código SAS050000315770001, eliminaselle o requisito de "licenciado/a en dereito" para a súa equiparación co resto das subdireccións xerais da Dirección Xeral de Recursos Humanos e facilitar unha mellor cobertura.

QUINTO. Outras consideracións

Medidas de homologación retributiva

A Lei 4/2024, de 27 de decembro, de orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa disposición adicional décimo quinta establece a equiparación económica dos postos de traballo de nivel 30 de complemento de destino da escala de letrados e letradas da Xunta de Galicia, dependentes funcionalmente da Asesoría

CVE: 2qJk5FpBtec7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

Xurídica Xeral, coa dos postos de letrada e letrado de nivel 30 de complemento de destino previstos na relación de postos de traballo do Consello Consultivo de Galicia.

Así mesmo, establece que os complementos específicos dos postos de traballo da escala de letradas e letrados da Xunta de Galicia de nivel 28 experimentarán unha adecuación retributiva que garanta que as retribucións totais experimentarán unha variación igual en termos porcentuais á experimentada nas retribucións totais dos postos de nivel 30 da escala de letrados e letradas da Xunta de Galicia.

SEXTO. Custos

En relación coa memoria económica pronunciarase a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública.

SÉTIMO. Sentido do informe

Os fundamentos e datos achegados pola Consellería de Sanidade para xustificar a proposta de modificación da RPT da devandita consellería e do Servizo Galego de Saúde, desde o punto de vista da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, son suficientes para dar o visto e prace.

De acordo co anterior a Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio **informa favorablemente** a proposta de modificación da relación de postos de traballo da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde.

O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio

José María Barreiro Díaz

VICESECRETARÍA XERAL

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Asinado por: BARREIRO DIAZ, JOSE MARIA
Cargo: Director Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
Data e hora: 11/04/2025 20:57:05

CVE: 2qJk5FpBtec7
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve